

## Rompe o silencio. escoita o cambio

Segundo o Convenio de Istambul, que pretende erradicar toda forma de violencia contra as mulleres e nenas de todo o mundo —o que significa erradicala da alma mesma do noso país, da nosa comunidade, da nosa provincia, da nosa cidade—, todas esas formas de violencia que constitúen unha violación grave dos dereitos humanos e supoñen un obstáculo fundamental para a consecución da igualdade entre mulleres e homes.

Porque non só é a violencia contra as mulleres despregada no ámbito doméstico, senón tamén no ámbito laboral, social ou interpersoal, que impregna a sociedade facéndoa menos valiosa e profundamente inxusta.

Dicía xa no ano 2015 Ban Ki-moon que “cando impedimos o avance da metade da nosa poboación, non podemos facer realidade o cento por cento do noso potencial”, algo que, ademais de ser absolutamente certo, é de pura xustiza.

Como conseguilo?

Facéndonos oír, para que as mulleres deixen de estar afogadas no seu silencio e poidan sentirse seguras e libres á hora de denunciar.

Por iso estamos aquí, hoxe, agora, para mitigar ese silencio.

Para utilizarnos como berro, alarido, ouveo de quen non ten voz, ou de quen, téndoa, esqueceu o seu son porque xa non lembra a última vez que a utilizou. E facémolo porque non podemos seguir calando.

Cambio.

Transformación.

Pero sen retrocesos. Sen concesións ao desánimo. Formando desde o inicio as novas xeracións para que a igualdade sexa algo tan consubstancial e intrínseco ás súas vidas que non teña sentido ningún cuestionala, porque sería tanto como cuestionar a esencia mesma dunha sociedade democrática.

Porque a nosa Constitución ten como valores fundamentais a liberdade, a xustiza e tamén a igualdade, e estamos aquí para reivindicala.

E non haberá liberdade nin xustiza se non hai igualdade. Son as tres caras da mesma realidade, que fai que unha non poida vivir de costas ás outras.

É o que nos pide a nosa sociedade, pídenlolo todas esas mulleres e nenas vítimas de violencia, desde as entrañas da súa dor: que escoitemos os seus silencios, renegando da complicidade do que cala e actuando desde a cooperación necesaria de quen as apoia, de quen as entende, de quen as escoita.

Debemos saír desa crisálida de conformismo e transmutarnos nunha forma nova que mova a nosa sociedade cara a un futuro de igualdade ata que ninguén a recoñeza tal e como era.

Para gritarmos xuntas e xuntos, ata que chegue o día en que non sexa necesario volver reunirnos un 25 de novembro.

Ese día en que non haxa máis violencia sobre as mulleres e as nenas.

Ata ese día, o voso silencio terá a nosa voz.

María Belén Rubido de la Torre, 25 de novembro de 2024